



Concello
de
Narón

ORDENANZA Nº 17 REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVICIO DE AXUDA NO FOGAR.

ARTÍGO 1.

FUNDAMENTO E NATUREZA.

O abeiro do previsto na lei Reguladora das facendas Locais este Concello establece a taxa pola prestación do servizo de axuda no fogar, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal.

ARTÍGO 2.

FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito imponible da taxa a prestación dos servizos públicos pola prestación do servizo de axuda no fogar os especificados nas tarifas contidas no artigo 6 da presente ordenanza.

ARTÍGO 3.

SUXEITO PASIVO.

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas e xurídicas, así como as entidades ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria, que soliciten ou resulten beneficiadas ou afectadas polos servizos que constitúen o feito imponible da taxa.

ARTÍGO 4.

RESPONSABLES.

1.- Responderán solidariamente das obrigacións tributarias do suxeito pasivo tódalas persoas que séxan causantes ou colaboren na realización dunha infracción tributaria.

2.- Os copartícipes ou cotitulares das Entidades xurídicas ou económicas ás que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria responderán solidariamente en proporción as súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

3.- Os administradores de persoas xurídicas que non realizaren os actos da súa incumbencia para o cumprimento das obrigacións tributarias daquelas responderán subsidiariamente das débedas seguintes:

- a) Cando se cometeu unha infracción tributaria simple, do importe da sanción.
- b) Cando se cometeu unha infracción tributaria grave, da totalidade da débeda esixible.



- c) Nos supostos de cese das actividades da sociedade, do importe das obrigacións tributarias pendentes na data do cese.

4.- A responsabilidade esixirase en todo caso nos termos e de acordo co procedemento previstos na Lei xeral tributaria.

ARTÍGO 5.

BENEFICIOS FISCAIS.

1.- Non se aplicarán exencións, bonificacións nin reducións para a determinación da débeda tributaria que os suxeitos pasivos deben satisfacer por esta taxa.

2.- Non obstante o disposto no apartado anterior, no artigo 7 desta ordenanza contéñense tarifas reducidas aplicables cando os suxeitos pasivos acrediten escasa capacidade económica.

ARTÍGO 6.

COTA TRIBUTARIA.

1.- ASISTENCIA A DOMICILIO.

As cotas tributarias e unha vez feita a valoración da demanda e a das rendas da unidade familiar, o potencial usuario ou usuaria pode quedar exento do pagamento con base nas condicións que se especificarán en artigos posteriores.

A obriga de pagar nace dende que se inicia a prestación do servizo.

- Non estarán obrigados ó pagamento deste servizo as familias multiproblemáticas, con menores ó seu cargo, nos casos nos que a atención sexa proposta de oficio polos Servizos Sociais municipais, así como as persoas que acrediten uns ingresos anuais iguais ou inferiores ós que se relacionan no artigo 7.
- As tarifas contidas no artigo 7 refírense a unha hora de prestación do servizo. Para aplica-las tarifas tomarase como referencia o salario mínimo interprofesional aprobado para cada ano e revisable automaticamente coa publicación legal do salario mínimo interprofesional.
- Para o cálculo da contía considerarase unidade de convivencia calquera tipo de convivencia na que cohabiten dúas ou máis persoas e compartan actividades e gastos derivados desa situación.
- A asignación da tarifa contemplase no informe a emitir polo técnico ou técnica responsable do servizo municipal de axuda no fogar.
- Para os efectos previstos para a aplicación das tarifas polo servizo de prestación do servizo, establécese o importe da hora por prestación do servizo queda fixado en **9,15 euros**, revisable anualmente segundo o índice de prezos ó consumo que fixe o goberno, previo acordo do órgano municipal competente.

2.-COMIDA A DOMICILIO PARA PERSOAS MAIORES.

A presente cota virá determinada pola prestación do servizo de comida a domicilio para persoas maiores. Os destinatarios serán persoas maiores de 60 anos, con especial



Concello
de
Narón

incidencia nas de menor nivel adquisitivo, e persoas con dependencia (especialmente outras con outras necesidades especiais acreditadas).

TARIFAS COMIDA DOMICILIO PERSOAS MAIORES:

1 Prezo para persoas con ingresos ou pensións que non superen os 250 € mensuais:

2,05€ comida

2 Prezo para persoas con ingresos ou pensións entre 250€ e a pensión mínima de Seguridade Social: **4,10€ comida**

3 Prezo para persoas con ingresos ou pensións por riba da pensión mínima de Seguridade Social: **5,60€ comida.**

ARTÍGO 7.

TARIFAS BONIFICADAS PARA O SERVICIO DE ASISTENCIA A DOMICILIO

Tarifa número 1.- Persoas que viven soas nun domicilio.

<i>Tarifa</i>	<i>Ata % do SMI</i>	<i>%prezos/hora</i>
1.1	115 %	0%
1.2	140 %	10 %
1.3	150 %	20 %
1.4	175 %	40 %
1.5	200 %	75 %
1.6	Mais do 200%	100 %

Tarifa número 2.- Unidade de convivencia de dúas persoas.

<i>Tarifa</i>	<i>Ata do SMI%</i>	<i>% prezos/hora</i>
2.1	170 %	0 %
2.2	180 %	10 %
2.3	190 %	20 %
2.4	200 %	40 %
2.5	210 %	75 %
2.6	Mais do 210 %	100 %

Tarifa número 3.- Unidade de convivencia de tres ou máis persoas.

<i>Tarifa</i>	<i>Ata % do SMI</i>	<i>% prezos/hora</i>
3.1	175 %	0 %
3.2	200 %	10 %
3.3	210 %	30 %
3.4	225 %	50 %
3.5	250 %	75 %
3.6	Máis do 250 %	100 %

Tarifa número 4.- Unidade de teleasistencia domiciliaria.



Concello
de
Narón

(Compútanse os ingresos totais, descontado o pagamento do alugueiro da vivenda ou a amortización)

<i>Tarifa</i>	<i>Unidade familiar</i>	<i>Ingresos</i>	<i>Prezo</i>
4.1	<i>Persoa que viven soa</i>	<i>Ingresos inferiores ou iguais ó 130 % do SMI</i>	<i>0 €/hora</i>
4.2	<i>Convivencia de dúas persoas</i>	<i>Ingresos inferiores ou iguais ó 150 % do SMI</i>	<i>0 €/hora</i>
4.3	<i>Convivencia de tres ou máis persoas</i>	<i>Ingresos inferiores ou iguais ó 170 % do SMI</i>	<i>0 €/hora</i>

Quedan excluídas do servizo de teleasistencia as persoas que superen estes baremos.

ARTÍGO 8.

CONDICIÓNS DE PAGAMENTO.

A).- O pago das taxas realizarase trimestralmente mediante unha domiciliación bancaria. As liquidacións das taxas practícaranse por meses naturais. A domiciliación efectuarase en conta aberta en entidades financeiras con sucursal no termo municipal de Narón. Se estes pagamentos non se puidesen facer efectivos por calquera circunstancia (inexistencia de fondos ou outros), a usuaria ou usuario do servizo será apercibido de contado, responsabilizándose dos gastos que isto ocasione. Se é reincidente, e tras valoralo caso, causará baixa no Servizo de axuda no fogar, sen dereito á reserva da súa praza. Pasará a engrosar-la lista de espera.

B).- Se existise un motivo xustificado dabondo e tras unha valoración previa, poderase eximir ó usuario ou usuaria do pagamento por domiciliación, autorizándoselle a que faga o pagamento directamente na entidade bancaria no prazo fixado.

C).- As cantidades esixibles de acordo coa tarifa liquidaranse por servizo prestado e serán irredutibles por períodos mensuais.

D).- Cando un usuario ou usuaria vaia estar ausente do seu domicilio por causa voluntaria e por un período superior a trinta días, causará baixa no servizo, sen reserva da súa praza. Se o período é inferior a este tempo, terá dereito a dita reserva sempre e cando tivese avisado da súa ausencia con antelación. Pagará a súa cota correspondente, que será satisfeita na súa totalidade.

E).- As repetidas ausencias do domicilio no tempo fixado de atención poderán dar lugar á baixa do servizo.

F).- Se a ausencia do domicilio é por causa de obrigado cumprimento, terá dereito á reserva da praza sempre e cando dea conta da súa ausencia con antelación e satisfaga a cota correspondente.

G).- Se ó usuario ou usuaria non se lle prestase o servizo por causas non imputables a eles mesmos (lease por ausencia da traballadora familiar ou por outros



inconvenientes do servizo, etc.), á hora de aboa-la cota mensual terá dereito a un desconto proporcional ó tempo que estivo sen atender. Este desconto farase sempre e cando o cómputo total de horas non atendidas ó mes supere ó 25 % das asignadas.

ARTÍGO 9.

NORMAS DE XESTIÓN.

A).- As persoas físicas interesadas na prestación do servizo ó que se refire esta ordenanza deberán presentar no Rexistro xeral do Concello unha solicitude detallada, segundo o modelo normalizado, acompañada da documentación esixida no artigo 10 do Regulamento municipal de axuda no fogar. A admisión ou baixa acordarase pola Alcaldía-Presidencia, a instancia do Servizo sociocomunitario.

B).- Poderase solicitar canta información e documentación considere pertinente o servizo sociocomunitario municipal, para valara-las condicións do solicitante e todos aqueles aspectos ós que se refiren os baremos de concesión do servizo.

C).- O servizo sociocomunitario municipal comprobará as declaracións formuladas polos solicitantes, emitíndose informe ó respecto sobre a procedencia ou non de acceder ó solicitado e sobre o tipo de prestación.

D).- O usuario ou usuaria aceptará expresamente as condicións do servizo e facilitará a información necesaria para a adxudicación do mesmo.

E).- O tempo de atención e duración do servizo, sempre de carácter temporal, virá determinado polo plan de traballo no fogar, e será revisado periodicamente. O tempo e o horario de atención ós usuarios ou usuarias poderá ser modificado en función das variacións que se produzan nas súas circunstancias persoais ou familiares, e por necesidades de organización e dispoñibilidade de axuda no fogar.

F).- Os solicitantes, ou os seus representantes legais no caso de incapacidade legalmente recoñecida, manifestarán por escrito a súa conformidade coas condicións de prestación do servizo.

G).- O servizo entenderase prorrogado mentres non se acorde o seu cesamento ou se presente unha solicitude de baixa polo usuario, usuaria ou o seu representante.

H).- A baixa da prestación causará efectos a partir do día seguinte ó da resolución da Alcaldía ou cesamento. Son causas de baixa no Servizo de Axuda no fogar as seguintes:

- a) Renuncia do usuario ou usuaria.
- b) Ingreso con carácter definitivo en centro residencia.
- c) Traslado da súa residencia a outro Concello.
- d) Falecemento do usuario ou usuaria.
- e) Incumprimento dos requisitos establecidos para a prestación do servizo, tales como:

e.1) Trato inadecuado do usuario ou usuaria cara á traballadora familiar.



- e.2) Falta de colaboración do usuario ou usuaria ou da familia na consecución dos obxectivos previsto.
- e.3) Imposición por parte do usuario ou usuaria de tarefas que non corresponden.
- e.4) Desaparición das causas que motivaron a prestación do servizo.
- f) Cando por necesidade do servizo cumprise amplia-lo número de usuarios ou usuarias e se considerasen prioritarios outros casos en consideración ás situacións persoais, sanitarias e económicas.

ARTIGO 10.

NORMATIVA SUBSIDIARIA.

Para todo o non previsto na presente ordenanza estarase ó establecido na orde do 22 de xullo de 1996, da Consellería de Sanidade e Servizos Sociais, pola que se regula o servizo de axuda no fogar, e máis o regulamento municipal de Axuda no Fogar. Así mesmo estarase ó disposto na ordenanza fiscal xeral do Concello.

DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Os ingresos enténdense os integros do ano anterior procedentes de rendas do traballo, percepcións por desemprego, rendas do capital mobiliario, ganancias por transmisións ou reembolsos de accións ou participacións en institutos de investimento colectivo, rendas do capital inmobiliario, pensións e outras prestacións, e calquera outro ingreso.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2008, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.